

## **O Concello de Cerceda implanta a recollida da fracción orgánica coa instalación do quinto colector marrón**

O mércores 1 de xullo o Concello de Cerceda implantará oficialmente a recollida da fracción orgánica nos núcleos urbanos de Cerceda e da Silva.

Colocaranse 80 colectores marróns para a recollida dos residuos orgánicos domésticos que se enviarán á planta de compostaxe industrial de Sogama.

Repartiranse composteiros entre os veciños das zonas rurais con horta ou xardín para que poidan elaborar o seu propio abono orgánico a partir dos restos de comida.

Os interesados deben poñerse en contacto co Concello a partir do luns 15 para adscribirse a calquera das dúas campañas.

**Cerceda, 12 de xuño de 2020.-** O Concello de Cerceda dá un paso máis na súa política medio ambiental especializando aínda máis a recollida selectiva dos residuos urbanos. En quince días, a partir do próximo mércores 1 de xullo implantará de forma oficial o quinto colector nos núcleos urbanos de Cerceda e da Silva. En total, e distribuídos en rúas estratéxicas, os veciños adscritos a esta iniciativa poderán facer uso dos 80 novos colectores facilmente identificables por ser de cor marrón e de menor tamaño cós existentes.

Todos os veciños que desexen participar teñen que chamar ao Concello de Cerceda para inscribirse. Nos seguintes días, contactarase cos interesados para darlle unhas indicacións básicas sobre a reciclaxe de residuos orgánicos, así como para facerlles entrega dun caldeiro específico para o seu domicilio e das chaves dos colectores marróns da rúa. Esta última medida está destinada a evitar residuos impropios e uns mellores resultados na recollida selectiva dos biorresiduos.

A materia orgánica recollida entregarase na planta de compostaxe industrial de Sogama.

### **Compostaxe doméstica.**

En paralelo, no ámbito máis rural repartiranse composteiros -ata esgotar as existencias e por orde de solicitude- para que os veciños con horta ou xardín tamén poidan aproveitar os seus refugallo orgánicos e transformalos eles mesmos nas súas casas en compost, que é un excelente abono orgánico tanto para a agricultura como para a xardinería.

Unha vez aceptadas as solicitudes, indicárase a cada persoa o lugar e o día no que poden recoller o seu composteiro.



### **A partir do luns 15.**

Os interesados en participar nalgunha das dúas iniciativas, poden chamar ao teléfono **881 86 41 22** ou enviar un correo electrónico a [sandra.casas@cerceda.es](mailto:sandra.casas@cerceda.es) especificando a que parte da campaña desexan adscribirse. As peticións empezarán a rexistrarse a partir deste luns 15 de xuño.

### **Política ambiental.**

O quinto colector marrón súmase aos catro máis habituais situados nas rúas municipais: iglú azul (papel e cartón), iglú verde (vidro), amarelo (envases, latas e bricks) e verde escuro (residuos xenéricos). Neste último era onde se botaban ata o de agora os restos de comida, que supoñen arredor do 40% do peso da nosa bolsa do lixo. Coa axuda de todos os veciños que se adscriban para usar o quinto colector, o Concello de Cerceda contribuirá, co mellor aproveitamento dos restos orgánicos, á súa firme aposta pola economía circular dándolle unha segunda vida a un residuo.

Desde comezos de 2019, o goberno local cercedense tamén implantou a recollida de aceite doméstico usado coa colocación de 11 colectores laranxa nos núcleos urbanos de Cerceda e da Silva. Ata o momento, lévanse recollidos uns 2.000 litros evitando a contaminación de dous millóns de litros de auga.